

PREZOS – A cotización da pel fina de ovella continúa estable no seu récord histórico

A cotización da pel fina de ovella segue a marcar o récord histórico de 16,37 euros por unidade. Con este prezo, a cotización é un 10% máis alta que hai un ano e multiplica por cinco a de hai tres anos. Aínda así, en Galicia, non se está a traducir nun aumento no prezo de cordeiros e cabritos.

AXUDAS – O FEGA fixou o importe da axuda específica por produción de calidade.

Para o ano 2011 o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) fixou o importe de **2,04 euros por animal** para aqueles gandeiros acollidos á axuda específica por produción de calidade. Esta axuda vai destinada a gandeiros de ovino e caprino cuxa produción estea amparada por denominacións de calidade (**gandería ecolóxica, IXP ou etiquetado facultativo**). O orzamento de 7.200.000 € repartiuse entre os 3.800.519 animais con dereito a pago.


VÉLARO OFRECE MATERIAL GANDEIRO

Dende a cooperativa Vélaro estase a traballar con distintos fabricantes de material gandeiro diverso para ofrecer ós socios a posibilidade de mercar produtos específicos para o noso gando a prezos razoables.

É por iso que xa se fixeron os primeiros acordos con fabricantes de pastores eléctricos e material para peches eléctricos (ION), de material gandeiro metálico (Javier Cámara) e fabricantes de postes de madeira tratada (Xardinor).

En breve engadiremos máis materiais (p.ex. malla ovelleira e arames galvanizados) e ampliar a oferta, para achegar ós socios todos os materiais necesarios para a explotación.

Para solicitar información podeades contactar nos teléfonos habituais de OVICA e no 669 128 946



COMPRA – VENTA

- Véndense cachorros de Border Collie – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Véndense mastín de un ano e medio traballando con ovellas - 608 879 938 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndense rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndense rabaño de 100 ovellas – 629 883 081 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense cachorros de 3 meses de Mastín dos Pirineos que conviven con cabras – 671 804 756 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 609 417 868 – A Merca (Ourense)
- Véndense cabritas de recría e machos. Prezo 60/70 euros – 664 524 486 – Allariz (Ourense)
- Véndense cachorros de Mastín Español e de Can de palleiro – 676 114 513 – Alfoz (Lugo)
- Véndense 85 ovellas e 60 cabras – 616 763 546 – Aranga (A Coruña)



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 75 MAIO - XUÑO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

REUNIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Nos últimos meses, membros de OVICA mantiveron varias reunións con José Ángel Burgo Rodil (Subdirector Xeral de Xestión da PAC), para transmitir os nosos puntos de vista e tratar de traballar na aplicación da futura PAC. Froito destas reunións, OVICA colaborará coa Consellería no estudo para a implantación das futuras medidas agroambientais (o actual CES) no marco na nova PAC, que se aplicara a partires do 2014 ou 2015.



Rafael Tejeda, Antonio Cabana e Jose Ángel Burgo

CHARLA INFORMATIVA SOBRE INCORPORACIÓN E PLANS DE MELLORA

O pasado 26 de maio realizouse en Lugo unha charla informativa para os interesados nas axudas á incorporación e ós plans de mellora. Asistiron unha quincena de interesados ós que se lles puido achegar a suficiente información para arrancar os seus proxectos. Froito deste traballo dende OVICA estamos a aconsellar un total de **14 novas incorporacións á gandería e 2 novos plans de mellora**.

Para os non socios (ou persoas que aínda non teñen explotación) púxose en marcha o servizo de Incorporación e mellora, co que pretendemos encamiñar ás novas incorporacións ó sector antes de ter o rabaño e de entrar como socios en OVICA.

Este servizo segue permanentemente aberto para todos aqueles que queiran información sobre cómo arrancar no sector ovino e caprino, tanto de carne como de leite en Galicia.

Máis información en OVICA
669 128 946 – 687 778013



CAIXA RURAL GALEGA

SITUACIÓN ACTUAL DO LOBO EN GALICIA

Como xa é de costume nos últimos seis ou sete anos, os danos producidos polo lobo á gandería i, en particular, ós rabaños de ovino e caprino, son numerosos e van en aumento.

Ademais, nesta época do ano hai unha importante concentración de ataques, coincidindo coa época de cría desta especie. Outro momento importante neste sentido é no outono, época na que se inician na caza os cachorros, polo que haberá que extremar as precaucións máis aínda, se cabe.

Despois de analizar os datos de ataques denunciados desde o ano 2006 ata o 2011 inclusive, vemos que algo máis do 80% dos animais mortos son ovellas e cabras (o 73% dos animais ovellas e o 7,5% cabras).

Como podemos ver somos o sector que máis sofre as consecuencias da presenza do lobo no noso territorio e un dos máis ignorados pola Administración.

Seguiremos traballando para que se recoñeza este feito e para que os danos ocasionados sexan indemnizados dun xeito máis xusto e áxil, pois non supón un esforzo económico importante pero sí melloraría o ánimo dos gandeiros e contribuiría a rebaixar o malestar e a tensión do conflito lobo-gando, facendo máis compatible a gandería e a presenza do lobo.

Un dos escenarios onde se discutirá e se analizará a problemática do lobo é o III Congreso Ibérico do Lobo, que se celebrará en Lugo a finais de novembro de 2012 e no que participarán investigadores, técnicos, a administración e representantes de gandeiros e asociacións. A temática a tratar será a ecoloxía, a conservación, a relación lobo-home e a xestión da especie.

Desde OVICA queremos facer fincapé, unha vez máis, na importancia dos métodos preventivos, principalmente no emprego de cercados e a introdución de mastíns nos rabaños. Métodos que, sen dúbida, contribuirían a eliminar ou minimizar os danos na maioría dos casos.

Tamén hai que continuar reclamándolle á Administración unha aposta importante polos métodos preventivos, con axudas dotadas de partidas orzamentarias suficientes que permitan realmente por en marcha este tipo de medidas, e que, por outro lado, contribuiría a rebaixar o importe dos danos indemnizados, que vai en aumento ano tras ano.



Protección do rabaño con mastíns

CURSO DE CANS DE PASTOREO

A finais de xullo celébrase en Lugo un curso de adestramento de cans para manexo do gando, dunhas 10 horas aproximadamente, repartidas en 2 días. O curso será impartido polo adestrador Alejandro Ibarra (Navarra) que posúe unha dilatada experiencia como criador e adestrador da cans de raza Border Collie.

Mais información no teléfono 627473504 (Alejandro) ou na web

www.ibarraartusbordercollie.com




NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

FORMACIÓN – A Universidade de Zaragoza imparte un Máster en produción ovina.

A Universidade de Zaragoza xunto coa Cátedra Oviaragón Pastores abriu para este 2012 un novo Máster en Producción ovina. O obxectivo principal é ensinar ós alumnos a aplicar os coñecementos relacionados coa empresa ovina. Este Máster vai dirixido a técnicos vinculados co sector, primándose a experiencia previa no sector á ora de elixir os alumnos.



INTERNACIONAL – Aumenta o número de novos gandeiros interesados no pastoreo en Italia

A crise influíu no cambio de vida da xuventude italiana e o que semellaba unha profesión en decadencia colleu un auxe inesperado. Como consecuencia da falta de opcións laborais, uns 3.000 rapaces e rapazas italianos elixiron o oficio de pastor e puxéronse á fronte de rabaños de ovellas. O estudo, feito por Coldiretti (principal asociación agrícola do país) amosa que non so se incorporan rapaces que seguen nos pasos do seu pai, senón que, en boa medida, trátase de rapaces que elixe nunha vida relacionada cos animais e a natureza.

AXUDAS – As comunidades autónomas desbotan o *Greening*, o pago verde da PAC

As comunidades autónomas amosaron o seu rexeito unánime ao pago verde proposto por Bruselas para a nova PAC (2014-2020). En Galicia, para o noso sector o *Greening* supón unha oportunidade para a maioría dos gandeiros xa que permitiría primar os nosos sistemas de produción baseados no pastoreo de pastos permanentes (parados de máis de 5 anos, pastos arbustivos e pastos baixo arboredo). Semella que desta volta, a postura do conxunto do estado non vai na mesma dirección xa que o pago verde exclúe a gandería intensiva.

CENSO – O sector ovino e caprino español perdeu 1,5 millóns de animais en 2011

A caída no censo ovino e caprino acentúase. Ó longo do ano 2011 perdéronse 1,5 millóns de cabezas.

No sector ovino houbo unha redución do 8%. En as ovellas de carne reducíronse en 740.000 (7% de redución) e nas de leite perdéronse 450.000 (20% de redución).

Polo que respecta ó caprino, perdéronse 200.000 cabezas (7% de redución) en total. No caprino de leite perdéronse 400.000 (28% de redución) aínda que sorprendentemente aumentou o censo de cabras de carne en 200.000, un incremento dun 32 %.

PASTOS – Extremadura autoriza o pastoreo en superficies acollidas a axudas de forestación

A Junta de Extremadura autorizou a actividades puntuais de pastoreo nas superficies acollidas ás axudas á forestación de terras agrícolas. Esta medida aprobouse "como medio de prevención de incendios forestais e eliminación da vexetación en competencia coas forestación". En total beneficiaríanse desta medida as 75.000 hectáreas acollidas a estas axudas.